

## Versión lectura fácil

### Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2016

Permiten pasalo ben, durante 10 días, convivindo e relacionándose con outras persoas nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro.

#### Persoas que poden asistir

Persoas con discapacidade que teñan entre os 11 e os 40 anos de idade.

#### Lugares, actividade, idades, datas, prazas e prezo.

Lugar	Actividade	Idade	Datas	Nº de prazas	Prezo
<b>Albergue Xuvenil de Gandarío</b> Bergondo. A Coruña.	<b>Natureza xunto ao mar</b>	de 11 a 14 anos	do 1 de agosto ao 10 de agosto	15	125€
		de 15 a 18 anos	do 11 de agosto ao 20 de agosto	25	
		de 19 a 25 anos	do 11 de agosto ao 20 de agosto	30	
		de 26 a 40 anos	do 20 de agosto ao 29 de agosto	30	
<b>Residencia de Tempo Libre</b> Paxón. Nigrán. Pontevedra.	<b>Teatro e aventura na natureza</b>	de 11 a 14 anos	do 1 de xullo ao 10 de xullo	10	
		de 15 a 18 anos	do 1 de xullo ao 10 de xullo	10	
		de 19 a 25 anos	do 1 de setembro ao 10 de setembro	15	
		de 26 a 40 anos	do 1 de setembro ao 10 de setembro	15	

#### Requisitos para poder participar

- Ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

- Ter entre 11 e os 40 anos. Cando empeza a actividade, tes que ter cumprida a idade mínima fixada e non superar a idade máxima fixada cando se remate.
- Estar empadroados nalgún concello de Galicia.
- Non ter problemas de comportamento ou de conduta.
- Poder comunicarse e poder participar nas actividades que se van facer.
- Ter unha mobilidade axeitada para poder desprazarse polo lugar solicitado.

### Servizos que inclúe:

- Aloxamento no lugar solicitado.
- Todas as comidas do día están incluídas: Almorzo, comida, merenda e cea.
- Actividades e material necesario para as actividades.
- Profesionais especialistas en animación sociocultural, actividades de tempo libre e náuticas.
- Atención médica en primeiros auxilios.
- Seguro de accidentes.

### Modelo de solicitude e de informe médico

A solicitude farase no modelo oficial e terá que asinalo o pai/nai ou titor da persoa con discapacidade.

O informe médico farase no modelo oficial e terá que asinalo o médico/a.

Estes 2 modelos oficiais están colgados na páxina web:

<http://benestar.xunta.es/web/portal/campamentos-veran,->

### Prazo e lugares para presentar as solicitudes

As solicitudes pódense presentar **ata o 30 de abril** incluído.

As solicitudes e documentación, pódense presentar nos rexistros da Xunta, rexistros dos Concellos, Oficina de Correos... ou a través doutras vías. (Ver todas as opcións na Lei 30/1992, do 26 de novembro).

As solicitudes teñen que ir dirixidas á seguinte dirección:

Consellería de Política Social.

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Edificio administrativo San Caetano, s/n.

15781 Santiago de Compostela.

### **Custo da praza e descontos**

Cando che dan a praza, hai que ingresar os 125€.

O prezo da praza pode ter os seguintes descontos:

- se tes o título de familia numerosa só pagarás 62,5€
- se tes o carné xove só pagarás 93,75€

Non se poden ter os dous descontos á vez.

Para poder ter estes descontos haberá que entregar coa solicitude a fotocopia do título de familia numerosa ou do carné xove.

### **Concesión das prazas**

Teñen prioridade as persoas que:

- non participaron nestes campamentos en anos anteriores.
- vivan coas súas familias (fronte ás que vivan en residencias).
- pola súa idade, este sexa o último ano que poden participar nun campamento deste tipo.

No caso de empate, terán prioridade as persoas con maior porcentaxe de discapacidade.

Se segue habendo empate, terán a praza as persoas que presentaron antes a solicitude.

As persoas seleccionadas teñen que aceptar ou renunciar á praza antes de 10 días dende que reciben a notificación de que foron aceptados.

No caso de aceptar a praza hai que entregar tamén:

- xustificante de ter pagado.

- Copia da tarxeta sanitaria ou do seguro médico privado.
- Un informe médico actualizado, no caso de haber cambios de saúde importantes ou necesitar algunha atención especial dende que se presentou a solicitude.

É obrigatorio facer isto, para poder entrar na praza concedida.

### **Comezo e remate da estadía:**

Terás que chegar ó lugar do campamento o día que empeza, entre as 4 da tarde e as 7 da tarde. Non se poderá entrar antes das 4, e tampouco despois das 7 da tarde.

Cando finaliza o teu tempo no campamento, ou se o abandonas antes de tempo, o teu pai/nai ou titor legal será o responsable de:

- Recollerte para volver á túa casa.
- Pagar o que custe que volvas á túa casa.

### **Obrigas das persoas participantes:**

- Cumprir as normas de chegada ó campamento: entre as 4 e as 7 da tarde do día que empeza.
- Non abandonar o campamento sen a autorización por escrito do pai/ nai ou titor legal.
- Cumprir as normas fixadas polos profesionais, as normas de uso das instalacións e outras que poidan existir.
- Abandonar o campamento acompañado dos seus responsables, no caso de:
  - non adaptarse ó desenvolvemento do campamento: problemas coas actividades ou problemas de actitude.
  - Circunstancias que impidan poder estar co resto dos compañeiros de campamento.

### **Devolución de cotas:**

1. Tan só se devolverán os cartos da inscrición cando:

- se comunica a renuncia da praza por escrito polo menos 10 días naturais antes do inicio da actividade.

- non se preste o servizo por causas alleas á persoa participante.
- a Xunta anula a actividade.

2. Todas aquelas solicitudes de devolución de cartos que non se presenten tal e como se explica no apartado 1, serán rexeitadas, independentemente da causa.

3. Cando unha persoa abandona a actividade por calquera motivo, non se devolverán os cartos.

### **Podes atopar máis información en:**

- Para información **xeral**, podes chamar o ir a:
  - O **Teléfono Social** gratuito: **900 333 666** do.



- os **servizos de Dependencia e Autonomía Persoal** situados en:

#### **A Coruña**

Rúa Concepción Arenal, nº 7-9 - 15006 A Coruña.

Teléfono 881 881 528.

#### **Lugo**

Rúa Serra de Ancares, nº 68 baixo - 27003.Lugo.

Teléfono 982 889 132.

#### **Ourense**

Rúa Sáenz Díez, nº 33 - 32003 Ourense.

Teléfono 988 386 178.

#### **Vigo**

Rúa Concepción Arenal, nº 8, 1º andar - 36201 Vigo.

Teléfono 986 817 217.

- os **servizos de Xuventude e Voluntariado**.
- os servizos sociais comunitarios dos concellos.
- os servizos sociais dos centros de saúde.
  
- Para información sobre a **xestión dos campamentos, envío de documentación, valoración de solicitudes e concesión de prazas**, pregunta ao Servizo de Prevención da Dependencia:
  - teléfonos: 981-**547437**, 981-**544640**,
  - Mail: [autonomiapersoal.sxps@xunta.es](mailto:autonomiapersoal.sxps@xunta.es)
  
- Para información sobre as **instalacións** nas que se desenvolve a actividade, podes dirixirte ás instalacións ou ben velas nesta páxina web:
  - <http://benestar.xunta.es/web/portal/campamentos-veran>